



Os xastres qu'andan cosendo
na casa dos labradores,
os triscos que van facendo
sempre ghardan os millores.

Pra botarl'ó pantalón
de vez en cando unha peza,
que o rompen de contado
d'estar sentados na mesa.

Lévanlles pano pa ón traxe
unque lles sobra unha vara,
cando o van a entreghar
sempre din: non sobrou nada.

Os canteiros cando andan
axustados ó xornal,
inda che fan máis a maula
ca ningún outro oficial.

E cando saben que vén
o encarggado a mirar
danll'os picos de demonio
pra que os sinta petar-e.

O outro vaise conforme
con verlles erguelos brazos,
encanto que dá a volta
volven quedar desmaiados.

Os comerciantes de pano
sempre din que dan demais,
de cada vara que miden
mudan o dedo pa tras.

Os carpinteiros cando andan
en alghún choio axustado,
and'ó demo ca madeira
par'acabar de contado.



Pero s'andan ó xornal
qu'ó amo's teña contentos,
todo-los tacos lle sirven
pra gardar clavos e tempo.

Compran a cabra pa festa,
ahora téñena gardada,
van a traer ó castrón
porque non lles cobran nada.

Ehí che vai a despedida
hox'aquí non boto outra
os señores que m'a oían
d'hox'un ano m'oían outra.